

Entrega do título de Fillo Adoptivo á familia de Santiago Rodríguez López

Palabras de Xosé Manuel Mato Díaz, Instrutor do Expediente

A alcaldesa de Paradela encomendoume o cometido de ser o Instrutor do expediente administrativo regulamentariamente preciso para que o Concello Pleno tome a decisión de conceder unha distinción tan sinalada como a de Fillo Adoptivo do noso Concello.

Para min, tendo coñecido a Santiago desde os seus primeiros anos, a Mary, a súa muller (asistín ao seu enlace matrimonial), ao seu fillo Carlos, desde que naceu, que ten achegado a parte musical en momentos tan sinalados como a entrega de premios do noso Certame Literario, foi un cometido honroso e gratificante. Especialmente, tendo en conta que xa fun grande amigo de seu pai, Fillo Predilecto do noso Concello; de súa nai, Irene; de seu irmán Enrique... todos vinculados a Paradela a través, primeiro, do entronque co patriarca Manuel Rodríguez López, e desde o pasamento deste, de xeito moi especial, polo propio Santiago Rodríguez, memoria viva de seu pai, herdeiro do amor á "patria dos meus antergos" que Manolo proclamaba.

Argumentar as virtudes de Santiago -Santi, para todos nós- en relación con Paradela, foi tan só unha revisión de lembranzas que a memoria vai gardando, que as fotografías nos permiten centrar en todo momento, que van desde os tempos da súa nenez, cando acompañaba aos seus pais e irmán nos agostos en que Manolo acudía a Paradela para renovar o seu vencello á terra, visitar a súa xente, espallar noticias dos Galegos en Catalunya, ou viaxar con Don Ánxel Fole...

Un rapaz estudoso, calado, garimoso, que de repente se fixo maior tralo pasamento do pai, e asumiu o papel de investigador, defensor e divulgador da obra do noso escritor, con toda a súa familia, con amigos, co Concello e con institucións como a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia. Un rapaz, brillante nos estudos e no ensino, que cunha beca da Unión Europea pasou a ser docente na universidade de Southampton, e por fin na de Bristol onde -doutor formador de doutorandos- sentou Cátedra.

Pero se era brillante como investigador, escritor e profesor, a súa especial relación con Paradela púxose de manifesto nestes últimos trinta anos, sendo fundamental o seu papel no noso Certame Literario, nas exposicións divulgadoras da obra de seu pai, na web que racha fronteiras levando a vida e obra de Manuel Rodríguez "urbi et orbi", ou na selección e publicación das súas obras, mesmo coa colaboración do profesor Alonso Montero... A de Santi foi unha vida entregada á memoria do seu pai, e con ela, a Paradela, que eu fun vivindo con el do xeito máis directo como responsable da Alcaldía de Paradela desde a miña mocidade ata o comezo do presente ano.

O papel do instrutor dun expediente de concesión dun título como o que Paradela lle concedeu a Santiago, é relatar, resumir, codificar, contrastar os datos e circunstancias

que concorren na persoa, para presentar unha proposta razoada ao Concello pleno que decidirá sobre o tema. Eso é o que fixen, en base aos servizos, que o meritorio Santi, o gran Santiago Rodríguez, prestou a Paradela, e que Paradela soubo e sabe recoñecer.

Santiago Rodríguez, honrando a seu pai, honrounos a todos os paradelenses.

Para todos os que con el tivemos relación, foi unha honra coñecer e querer a Santi, Fillo Adoptivo do Concello de Paradela.